

GUÍA **AMBIENTAL**

**DO ENCORO DO REXIDOIRO
(ARTEIXO- A CORUÑA)**



**CONCELLO DE ARTEIXO
MEDIO AMBIENTE**
www.arteixo.org

GRUPO NATURALISTA
HÁBITAT 
desde 1979 estudando para conservar



Publicacións Ambientais

**OS VALORES MÁIS SALIENTÁBEIS
DA ZONA HÚMIDA**

Edición: Concello de Arteixo. Medio Ambiente

Coordinación e Xestión: José Luis Ramos Bello

Autores dos textos: Amadeo A. Pombo Eirín, José Antonio de Souza Bazarra, Ricardo Ferreiro Sanjurjo, Jorge Ramos Abuín, Ramón Sineiro de Saa e Xabier Varela Varela

Acuarelas da capa e contracapa: Mariana Roura Sánchez

Deseño e maquetación: Eire

Ilustracións: Roberto Vidal (páxs; 13,16b,c, 17,18b,c, 19b, 20a,b,21b,22b) Mariana Roura Sánchez (páxs; 1, 3,8,12,15,16a,18a,19a,20c,21a,22a)

Fotografías: Ricardo Ferreiro (páxs.,11,12a), Miguel López Caeiro (páxs; 5,13c), Amadeo A. Pombo (páxs.,6,10,13a,14), Jorge Ramos (páxs., 8) e Mariana Roura (páx. 12b)

© Grupo Naturalista Hábitat, 2005

R/ Ángela B. de Soto, 20. Baixo

15080. A Coruña

Depósito legal: xxxx-2005

Guía Ambiental do Encoro do Rexidoiro. Os valores máis salientábeis da zona húmida

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- . Jonsson, L. (1994). *Aves de Europa con el norte de África y oriente próximo*. Ed. Omega.
- . Seo/BirdLife (1996). *Guía de las aves comunes en España*. Ed. Lynx.
- . *Guía das Aves de Galicia*. Ed. Bahía.
- . Barbadillo, L. J. 1987. La Guía de INCAFO de los anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Islas Baleares y Canarias.
- . Barbadillo, L.J.; Lacombe, J.I.; Pérez-Mellado, V.; Sancho, V.; López-Jurado, L.F. 1999. INCAFO.
- . *Anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Baleares y Canarias*. Ed. Geoplaneta.
- . Diesener G. & Reichholf, J. 1992. *Reptiles y anfibios*. Editorial Blume.
- . Ferreiro, R. & Galán, P. 2004. Reproductive ecology of the slow worm (*Anguis fragilis*) in the northwest Iberian Peninsula. *Animal Biology*, 54-4: 353-371.
- . Galán, P. 1988. Segregación ecológica en una comunidad de ofidios. *Doñana, Acta vertebrata*, 15 (1): 59-78.
- . Galán, P. & Fernández-Arias, G. 1993. *Anfibios e réptiles de Galicia*. Edicións Xerais.
- . Galán, P. 1997. Declive de poblaciones de anfibios en dos embalses de La Coruña (noroeste de España) por introducción de especies exóticas. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 8:38-40.
- . Galán, P. 1999. *Conservación de la herpetofauna gallega*. Situación de los anfibios y reptiles de Galicia. Universidade da Coruña, Monografía 72.

Concello de Arteixo. Medio Ambiente

Tel: 981641817

Grupo Naturalista Hábitat

R/ Ánxela B. de Soto, 20, baixo. Apdo. de correos

805,15080, A Coruña

Tel: 981 135014

SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza)

Tel: 981 745424

Servizo de Medio Ambiente Natural da Coruña

Praza de Luís Seoane, s/n- 5ª planta, 15008 A Coruña

Tel: 981 184654

Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe

Santa Cruz de Liáns, Oleiros

15179 A Coruña

Tel: 981 626241



Mergullón Pequeno

Zampullín Chico

Tachybaptus ruficollis

Localización	2
Como chegar	2
O encoro	3
Antecedentes	4
Valores do encoro	6
Invertebrados	7
Anfibios e réptiles	9
Aves do encoro	14
Mamíferos	19
Listaxe de especies	23
Enderezos de interese	24

Localización

A súa localización no extremo noroeste da provincia da Coruña, dentro da localidade de Arteixo e moi preto da costa, fai que o encoro do Rexidoiro poida acoller seres vivos de tres tipos de medios moi diferentes: o medio terrestre, húmido de auga doce e o medio mariño ou da costa.

É por isto, que no ecoro podemos atopar ata 154 especies diferentes de aves, 8 de anfibios, 5 de mamíferos e multitude de insectos, que empregan o mesmo durante diferentes etapas da súa vida, ben sexa de forma temporal (migracións, invernada, cría) ou permanente (todo o ano).

Como chegar



Desde Coruña ou Carballo pola estrada N-345 ata Arteixo, e unha vez alí coller en dirección ao polígono industrial.

Listaxe de especies

Subliña as especies observadas na túa visita: ☒

Plantas

- ☐ Espadana *Typha latifolia*
- ☐ Salgueiro *Salix atrocinerea*
- ☐ Ameneiro *Alnus glutinosa*

Invertebrados

- ☐ Caranguexo vermello americano *Procambarus clarkii*
- ☐ Araña caranguexo *Misumena vatia*
- ☐ Caracoliña de auga *Lymnaea stagnalis*

Anfibios e réptiles

- ☐ Ra verde *Rana perezi*
- ☐ Relá *Hyla arborea*
- ☐ Escáncer *Anguis fragilis*
- ☐ Lagarto das silvas *Lacerta schreiberi*
- ☐ Cobra de collar *Natrix natrix*

Aves

- ☐ Mergullón Pequeno *Tachybaptus ruficollis*
- ☐ Galiñola *Gallinula chloropus*
- ☐ Galiñola Negra *Fulica atra*
- ☐ Lavanco *Anas platyrhynchos*
- ☐ Pato Cristado *Aythya fuligula*
- ☐ Garza Real *Ardea cinerea*
- ☐ Garzota *Egretta garzetta*
- ☐ Corvo Mariño Grande *Phalacrocorax carbo*
- ☐ Picapeixe *Alcedo atthis*

Mamíferos

- ☐ Lontra *Lutra lutra*
- ☐ Visón *Mustela vison*
- ☐ Raposo *Vulpes vulpes*
- ☐ Rato de campo *Apodemus sylvaticus*
- ☐ Morcego común *Pipistrellus pipistrellus*

Visón ►

Visón americano

Mustela vison

É un mamífero acuático alóctono, é dicir, non orixinario da nosa terra. Procede de Norteamérica, distribuíndose de maneira natural por Estados Unidos e Canadá. pode supoñer un grave problema para o ecosistema, xa que é posíbel que desprace a outras especies, preda sobre elas ou transmitirlle enfermidades, sendo considerado na actualidade un preocupante problema ambiental non só en Galicia, senón en boa parte do continente europeo.



Caranguexo vermello americano

Cangrejo de río americano ►

Procambarus clarkii

Crustáceo introducido nas marismas do Guadalquivir e Albufera de Valencia nos anos 70. Hoxe estendido por case toda a rede fluvial española. Constitúe unha praga, alén de competir e eliminar o caranguexo autóctono de río e empobrecer gravemente os hábitats de auga doce onde acada densidades elevadas. Consúmenlo lontras, galiñolas, corvos mariños, etc.

O encoro do Rexidoiro, na parroquia de Oseiro é un pantano de orixe artificial, rematado de construír no ano 1970, que se localiza no termo municipal de Arteixo (A Coruña). Alimentado polo río Seixedo e cun volume de 1,87 Hm³, foi destinado orixinariamente ao abastecemento de auga das industrias do polígono industrial e da central térmica de Sabón, situadas arredor do encoro e tralo veciño areal de Alba. A súa máxima superficie de inundación abrangue unhas 56,19 Ha de superficie, cun perímetro de 5,03 km. A súa lonxitude máxima é de 2,35 km, mentres que a súa anchura media ronda os 200 m. O contorno do encoro, está declarado **Refuxio de Caza** pola Xunta de Galicia, e polo tanto a mesma está prohibida, formando tamén parte das zonas húmidas que todos os anos se visitan para contar as aves acuáticas invernantes de toda Galicia.



Lavandeira Real ▲

Lavandera Cascadeña

Motacilla cinerea

Antes da construción do encoro existía na zona unha ampla extensión de prados de sega e unha zona húmida de auga doce de carácter ripario e palustre, conformado pola veiga inundable do río Seixedo, poboada principalmente por formacións de vexetación higrófila e helofítica (xuncos e espadanas, *Sparganium erectum* e *Typha latifolia*). Ademais, o leito fluvial estaba flanqueado na súa parte máis elevada por unha faixa máis o menos continua de ameneiral ripario (**ameneiros** *Alnus glutinosa* e **salgueiros** *Salix atrocinerea*) e salpicado de manchas de bosque pantanoso nos lugares de menor pendente e maior grao de inundación. Xuntamente co cercano río Arteixo, constituía un dos redutos máis notorios deste tipo de zona húmida de terras baixas no contorno da Coruña. En consonancia co relevo pouco pronunciado sobre o que se estende, a profundidade media do encoro é de só 3,33 m, tratándose dun dos encoros galegos de augas máis someras. A súa máxima profundidade, a pé de presa, é de 13 m, acadando arredor dos 5-10 m no tramo central, e diminuíndo ata un promedio de aproximadamente 1 m na meirande parte da cola (último terzo do encoro). Esta escasa profundidade xeral, así como a permanencia relativamente constante dos niveis de auga durante a primavera, permitiron que as súas beiras e fondos se poboasen de vexetación acuática desde moi pouco tempo despois da construción da presa, de xeito que aos 3 anos do seu enchido os fondos xa es-

As especies alóctonas ou introducidas, representan na meirande parte dos casos un perigo potencial para a flora e a fauna dun ecosistema, por diferentes motivos. A pesar disto, e por desgraza para nós, existen moitas delas na actualidade. Algunhas que podes atopar no encoro son as seguintes:

◀ Gambusia

Gambusia

Gambusia holbrokii

Peixe introducido nas zonas húmidas para combater o paludismo. Serve de alimento a aves, sobre todo garzas.




Pez vermello ▶

Carpín dorado

Carassius auratus

Introducido desde o este de Asia en encoros e ríos de toda Europa. Aliméntase de invertebrados e materia vexetal.






◀ **Furaño común**
Musaraña común
Crocidura russula

Micromamífero insectívoro. Ocupa calquera hábitat aberto con algo de vexetación. No Rexidoiro vive nas parcelas

sen edificar e cultivadas das beiras do encoro.

Rato do campo ▶
Ratón de campo
Apodemus sylvaticus

Roedor que vive en boa parte de Europa e Norte de África, incluída a península Ibérica. É común nunha variada gama de hábitats: fragas, terras de labor, matogueiras, pasteiros... Pódese atopar nas leiras que rodean o encoro.



◀ **Morcego común**
Murciélago común
Pipistrellus pipistrellus

É o morcego máis pequeno de Europa, xa que pesa menos de 5 gramos. É unha especie que vive en case calquera medio, abundosa, incluídas as vi-primavera e verán a partir da tardiña, capturando insectos sobre a auga do encoro

taban poboados en gran parte. Desafortunadamente, o proceso de hipereutrofización, provocado por moitos vertidos de desaugues da rede de sumidoiros e en rápido incremento ao longo da década de 1980, que propiciou repetidos florecementos fitoplanctónicos estivais, altamente impactantes para a vexetación subacuática, así como diferentes casos de emisións contaminantes (vertidos deliberados e escapes de aceites e de fuel ás augas —como o moi grave de 1985— por parte de diferentes industrias afincadas nas inmediacións), conduciron a unha rápida degradación de diversas comunidades de vexetación acuática. A solta de especies alóctonas, como o **caranguexo vermello americano** *Procambarus clarkii* e determinados peixes exóticos (**pez vermello** *Carassius auratus* e **gambusia** *Gambusia holbrooki*), non fixeron se non agravar a situación ecolóxica do encoro, afectando de xeito directo ou indirecto ás plantas acuáticas, ás importantes poboacións de anfibios existentes ata entón e, por riba, ás aves acuáticas.



Aínda que o encoro está emprazado nunha área fortemente transformada e directamente afectado por un polígono industrial (aterramentos, instalación de naves industriais nas mesmas beiras, vertidos), contén múltiples valores naturais sobresaíntes, que merecen ser conservados, sometendo a ordenación o uso que actualmente se fai, ou se poida facer nun futuro, das súas beiras e augas. Estes valores xa motivaron a declaración de Refuxio de Caza desde a tempada 1987-88 .



Garzota *Garceta Común* *Egretta garzetta*
alimentándose en augas someras do encoro

Por mor da forte presión humana e industrial á que está sometido e á profunda transformación xeralizada do seu contorno, poucas son as especies de mamíferos presentes neste encoro ou no seu arredor. A maioría das especies que viven aquí son de hábitos xeneralistas ou pouco esixentes en canto a hábitat a ocupar. O valor máis salientábel é a presenza de **Lontra** *Lutra lutra*.



◀ **Lontra**
Nutria
Lutra lutra

Resulta interesante e notoria a presenza, posibelmente regular. É difícil de observar polos seus hábitos principalmente nocturnos, mais é doado ver as súas pegadas e restos de alimentación no fango das beiras do encoro.

Raposo ▶
Zorro

Vulpes vulpes
É un animal marcadamente xeneralista, é dicir, que vive en calquera tipo de medio e aliméntase de calquera recurso dispoñíbel. É doado localizar as súas pegadas nas terras que rodean o encoro ou mesmo na súa beira.





◀ Gaivota Chorona

Gaviota Reidora

Larus ridibundus

De menor tamaño que a clara, loce un lunar negro detrás do ollo no inverno; no verán ten a cabeza enteira de cor castaño escuro.

Corvo Mariño Grande ▶

Cormorán Grande

Phalacrocorax carbo

Abundante no interior das rías e encoros de todo o país. En aumento en toda Europa. Aliméntase de peixes, repousa de forma colonial en árbores formando durmideiros de varios centos de aves.



◀ Picapeixe

Martín Pescador

Alcedo atthis

Pousa en ramas e paos. As cores verdes, azuis e laranxas que loce chaman moito a atención. Mergúllase na auga na procura de peixes. Frecuente no inverno e outono.



Na actualidade segue a ser un destacado lugar para a cría, muda e invernada de avifauna, particularmente de aves acuáticas e terrestres asociadas a masas de auga e vexetación palustre (andoriñas, papuxas, etc). Á parte do valor intrínseco da súa conservación, debe terse en conta moi especialmente o seu gran potencial para goce de visitantes e veciños e o seu alto potencial didáctico e científico. Chegados a este punto, é de destacar que a rápida recolonización que vén amosando a vexetación subacuática desde o ano 2002 ata a actualidade, abre novas expectativas de cara ao aumento cuantitativo e cualitativo das poboacións de vertebrados, e en particular das aves acuáticas.

Invertebrados

Como lago eutrófico, o encoro do Rexidoiro, á falta dun estudo profundo sobre a súa fauna de invertebrados, alberga unha modesta variedade de especies habituais noutras masas de auga de similares características e incluso noutros medios.

A variación do nivel da auga, sumado a unha elevada cantidade de materia orgánica, limita moito a aparición de especies de escasa tolerancia, competidoras ou estables, provocando unha baixa diversidade e a extraordinaria abundancia daquelas oportunistas que,

rodeadas de condicións favorables, medran sen problemas, limitándose a abandonar este hábitat cando as condicións cambian (por exemplo, ao subir o nivel da auga).

No medio terrestre abundan os detritívoros (milpés como *Iulus sp.* ou *Polydesmus sp.*, insectos como os Collembola), que conforman o alimento dalgúns depredadores como as chinchas (*Hidrometra stagnorum*), outros quilópodos (*Lithobius forficatus*), arácnidos como a **araña carangexo** *Misumena vatia* ou os coleópteros carábidos (*Omaseus aterrimus*, *Stenolophus mixtus*, *Demetrias atricapillus*), estes últimos ben adaptados á dispersión e a cambiar de hábitat grazas á súa capacidade de voo.

araña carangexo ►

araña cangrejo

Misumena vatia



△ *Lymnaea stagnalis*

A carga orgánica da auga supón unha gran cantidade de bacterias das que se alimenta un gran número de dípteros quironómidos que, á súa vez, constitúen o alimento de peixes como **gambusia** *Gambusia holbrooki*



Garza Cincenta ►

Garza Real

Ardea cinerea

Ave zancuda da familia das garzas, case sempre inmóbil. Frecuente en zonas húmidas e sistemas fluviais. Aliméntase de peixes. Abundante todo o ano.



◀ **Garzota**

Garceta Común

Egretta garzetta

Garza branca inmaculada con patas negras e pés marelos. Aliméntase de pequenos peixes e crustáceos nas beiras do encoro. Ás veces dorme nas polas das árbores.



Gaivota Patiámarela ►

Gaviota Patiamarilla

Larus michaellis

A gaivota máis abundante nas cidades e vilas da costa, onde cría en tellados e edificios. O encoro proporcionalle auga doce para se asear.





◀ **Pato Cristado**
Porrón Moñudo
Aythya fuligula

En Galicia confirmouse a súa reprodución só no Rexidoiro e nunha determinada localidade da Terra


Cha, sendo contadas localidades en España. Estas características outórganlle ao encoro a singularidade de ser unha das localidades españolas principais para a especie.

Galiñola Negra ▶

Focha Común

Fulica atra

Habitual na zona durante todo o ano. Poboación reprodutora non menor de 30 parellas.



◀ **Galiñola**
Gallineta Común
Gallinula chloropus

Típica de espesuras de vexetación palustre en zonas pouco inundadas. Carácter escondedizo e discreto. Efectivos reprodutores (en torno ás 20-30 parellas).

e **peixe vermello** *Caraussius auratus*. Neste medio, os detritívoros están representados polo **caranguexo vermello americano**, *Procambarus clarkii*.

Por outra banda, esta carga orgánica tamén supón unha abundancia de nutrientes que vai favorecer a algunhas especies de plantas acuáticas que, en función do terreo dispoñíbel, conseguirán estenderse, converténdose nunha interesante fonte de recursos para outros invertebrados, como o molusco gasterópodo *Lymnaea stagnalis*.

Anfibios e réptiles

No contorno do encoro do Rexidoiro existe, ou alomenos existía ata tempos moi recentes, unha comunidade herpetolóxica variada, formada polas seguintes especies:

Píntega (*Salamandra salamandra*), **Pintafontes verde** (*Lissotriton marmoratus*), **Pintafontes palmado** (*Lissotriton helveticus*), **Pintafontes común** (*Lissotriton boscai*), **Sapiño comadrón** (*Alytes obstetricans*), **Sapiño pintoxo** (*Discoglossus galganoi*), **Rela común** (*Hyla arborea*), **Sapo común** (*Bufo bufo*), **Ra verde** (*Rana perezi*), **Lagartixa galega** (*Podarcis bocagei*), **Lagarto das silvas** (*Lacerta schreiberi*), **Lagarto arnal** (*Lacerta lepida*), **Escáncer** (*Anguis fragilis*), **Esgonzo común** (*Chalcides striatus*), **Cobra de collar** (*Natrix natrix*), **Cobra lagar-**

teira común (*Coronella austriaca*), e **Víbora de Seoane** (*Vipera seoanei*).

O encoro, a pesar de ser un medio de orixe artificial, é empregado por diferentes especies de anfibios para a reprodución. Nas augas do encoro teñen lugar os apareamentos, posturas e desenvolvemento larvario de especies que prefiren reproducirse en medios amplos, como poden ser a **Ra verde**, o **Pintafontes palmado** ou a **Rela común**. Porén, nos últimos anos a introdución de especies alóctonas invasoras (procedentes de ecosistemas diferentes), especialmente a do **caranguexo vermello americano** (*Procambarus clarkii*) produciu unha diminución ou desaparición de moitos dos anfibios que vivían nas proximidades do encoro. Antes de ditas introducións era moi doado atopar na zona os pequenos **Pintafontes palmados e comúns** xunto co espectacular **Pintafontes verde**, ou escoitar e ver grandes coros de **Ra verde**.



postura de sapíño pintoxo

O encoro forma parte da rede de zonas húmidas de Galicia que se censan con carácter anual (por albergar poboacións de aves acuáticas invernantes e nidificantes de interese) dentro do programa de conta de aves acuáticas invernantes e nidificantes, que a Xunta de Galicia promove dende o ano 1987 en colaboración con entidades e agrupacións naturalistas e ecoloxistas de toda Galicia.

◀ **Mergullón Pequeno** **Zampullín Chico**

Tachybaptus ruficollis

Este encoro alberga na actualidade un dos principais núcleos reprodutores deste pequeno mergullón en Galicia, cun mínimo

de 25 parellas reproductoras. É de subliñar que, a partir de mediados da década de 1980, a especie chegou a desaparecer totalmente durante varios anos coincidindo con episodios de contaminación.

Lavanco ▶

Ánade Azulón

Anas platyrhynchos



O núcleo reprodutor existente na zona foi estimado en anos recentes arredor das 30-40 parellas, polo que o encoro constitúe un interesante refuxio de cría no ámbito provincial.

Ata o momento rexistráronse na zona un total de 118 especies de aves silvestres. Deste total, 59 son estritamente acuáticas (mergullóns, corvos mariños, garzas, patos, galiñolas, píllaras e gaivotas), mentres que nunha gran parte corresponde a especies asociadas a bosques de ribeira e formacións helofíticas, entre as que poderíamos destacar o **Rousinol Bravo** *Cettia cetti*, a **Folosa das Canaveiras** *Acrocephalus scirpaceus* e a **Folosa Manchada** *Locustella naevia* (todas crían ou fixérono na zona), os dous primeiros con limitadas poboacións no ámbito provincial e a terceira moi localizada na comunidade autónoma de Galicia.

▼ **Folosa das Canaveiras**
Carricero Común
Acrocephalus scirpaceus



Porén, son as **poboacións de aves acuáticas**, as que realmente dotan a este espazo dun merecido recoñecemento no ámbito autonómico, e incluso estatal.

Os réptiles que podemos observar nesta zona están a sufrir tamén un declive causado polo abandono das tarefas tradicionais da agricultura, que mantiñan unha paisaxe variada, con zonas de cultivo, matos, pastos e sebes vivas. Esta paisaxe é un medio moi adecuado para moitas destas especies de réptiles, e a súa modificación ocasiona unha importante perda de biodiversidade, alén da perda paisaxística e cultural.

Lagarto das silvas
Lagarto verdinegro
Lacerta schreiberi




◀ **Víbora de Seoane**
Víbora de Seoane
Vipera seoanei

Comentaremos algunha das especies da comunidade herpetolóxica do encoro de Sabón que consideramos representativas deste medio.



◀ **Rela**
Ranita de San Antón
Hyla arborea



Faciana “bondadosa”, onde chaman a atención os grandes ollos, de iris dourado e pupila horizontal. Brillante cor verde, pequeno tamaño (menos de cinco centímetros). O canto é un tanto estridente e forte, un kr,kr,kr,kr... rápido e repetitivo



◀ **Ra verde**
Rana común
Rana perezi

Relativamente grande e dunha chamativa cor verde no dorso, ventre e flancos brancos cun debuxo formado por

manchas de cor negra. Grandes amantes do sol, son cazadoras “ao asexo”. Entre os animais que capturan están as libeliñas.



◀ **Lagarto das silvas**
Lagarto verdinegro
Lacerta schreiberi


Machos cunha chamativa gorxa azul que exhiben entre os matos ou silvas nas que viven. As femias son máis discretas

e portan no dorso un deseño en parches escuros sobre fondo pardo que lembra os traxes de camuflaxe.

◀ **Cobra de collar**
Culebra de collar

Natrix natrix

Relativamente grande, totalmente inofensiva. Debe o seu nome a un debuxo, consistente nunha franxa clara situada na zona dorsal postcefálica.



◀ **Escáncer**
Lución
Anguis fragilis

O réptil máis abondoso da nosa terra, gusta especialmente das zonas de cultivos e lindeiros de matos. A súa dieta consta de lesmas, miñocas e eirugas.